

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DIA 11 DE FEBREIRO DO 2008.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día once de febreiro de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Jacobo Barreiro Pimentel, estando tamén presente o Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 6 de Febreiro do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

Non houbo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

-Escrito da Empresa Concesionaria AQUALIA , de data de entrada 11 de febreiro de 2008 , polo que se remite RESULTADOS DE ANÁLISIS de mostras de auga para o Consumo Público do Municipio de Ribadavia, corespondintes o mes de decembro de 2007.

-Escrito da FEDERACIÓN NACIONAL DE ASOCIACIONES Y MUNICIPIOS CON CENTRALES HIDROELÉCTRICAS Y EMBALSES , de data 8 de febrero de 2008 , polo que se comunica a este Concello as Ponencias Especiales BICES – E.DE CASTRELO

-Escrito da FEDERACIÓN NACIONAL DE ASOCIACIONES Y MUNICIPIOS CON CENTRALES HIDROELÉCTRICAS Y EMBALSES , de data 8 de febreiro de 2008 , polo que se comunica a este Concello as Ponencias Especiais BICES – E.DE FRIEIRA.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

PETICION DE SUBVENCIONS.-

“Vista a Orde do 5 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras e convocatoria pública para a concesión de subvencións para a psota en práctica en Galicia, durante os anos 2008 e 2009, de programas experimentais en materia de empregadas e subvencións para o fomento de emprego, publicada no DOGA nº 9, de 14 de xaneiro de 2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención.

Segundo:- Prestar aprobación o proxecto para o que se solicita a subvención de acordo coa memoria obrante no expediente e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na presente Orde.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo a Consellería de Traballo.”

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

ARTE PROMOCIONS ARTISTICAS S.L., arrendamento de servizo do espectáculo teatral para MIT a cargo da compañía Ballet folclórico Nacional de Cuba, por importe de 5.568 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 24-07-07.

EXCAVACIONES JORGE GONZALEZ ALVAREZ, traballos de camión e excavadora para actuacións en vías públicas segundo factura núm. 66/2006, por importe de 5.728,08, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 24-08-07.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

A Xunta de Goberno local, por unanimidade, presta aprobación a factura e Certificación nº 3 da obra 583 POL/06 “ Melloras do saneamento en núcleos de Esposende, San Paio, A Quinza e outros” correspondente ao mes de xaneiro de 2008 , Plan Operativo Local 2006 , remitida pola Empresa Contratista AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A., por importe de 51.769,59 €coa seguinte distribución:

- Estado.....2.143,26€
- Diputación(banco).....1.1718,75€
- Concello.....11.674,05€
- FEDER/MAP.....5.000,94€
- FEDER/A.L.....31.232,59€

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO